

MÉRCORES 3 DE XUÑO DE 2020

5^{*} PRIMARIA

LINGUA

Bo día chic@s! Que tal estades??

Hoxe na clase de Lingua, propoñovos comezar escoitando un cantante famoso en galego polas súas cancións modernas e actuais estilo Trap... Xa que non podo evitar que escoitedes ese tipo de xéneros, polo menos ampliarvos un pouquiño os gustos escoitando algo orixinal na nosa lingua. :) A ver se vos gusta!

Verto: <https://www.youtube.com/watch?v=8q6Y29TjsrI>

A continuación comezaremos a xornada facendo unha lectura e contestando ás preguntas:

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

Era mércores, e por algunha desas cousas da vida, atopábame na biblioteca municipal. Non era a primeira vez que ía, pero tampouco se pode dicir que fose un siareiro habitual (para ser sincero, direi que era a segunda vez que me deixaba caer por alí). Aquel mércores fora acompañando ao Albert, pois el tiña que consultar unhas cousas nunha enciclopedia grande, de tapas verdes, para un traballo escolar.

Albert pedírame que o axudase, pero eu téñolle unha pouca alerxia á letra miúda, e, nas enciclopedias, ben sabedes, todo é letra de pulga.

Total, que levaba por aí media hora agardando a que o meu amigo terminase de copiar e xa estaba aborrecido de mirar para a xente, para as rapazas e as tapas dos libros. De maneira



que collín un dos libros que tiña ao alcance da man para lle mirar os debuxos.

Albert continuaba transcribindo o que puña na enciclopedia. Batinlle co cóbado para que acabase axiña e el arrenegou porque dicía que lle riscara na libreta. Agnés, a bibliotecaria, con cara de poucos amigos, ordenou silencio e ficou mirando para min coma se eu fose o causante do barullo.

Cando a bibliotecaria deixou de mirarme, dixerlle ao Albert que apurase, se quería que lle ensinase a miña colección de lagostinos disecados. Nin caso. Albert seguiu copiando con toda a paciencia do mundo e, por riba, a penas se acalorou ao lanzar a ameaza:

– Mira, rapaz, se non me deixas ver a túa colección, eu non che dou os adhesivos das motos «repes».

Por se acaso, calei a boca.

Josep Gregori: *Movida na biblioteca*, Edicións Xerais (adapt.).

1 En que espazo ten lugar este texto?

.....

2 Cando sucede a historia?

.....

3 Por que o neno estaba nese lugar?

.....

- Como se chama o seu amigo?

.....

4 Vai alí con moita frecuencia?

.....

5 Por que non lle gustan as enciclopedias?

.....

6 Quen é Agnés?

.....

- Por que se enfadou?

.....

7 Que cres que sucederá despois?

.....

.....

.....

.....

.....

*Seguiremos repasando contidos con este Break Out de Harry Potter que repasa contidos de
Lingua vistos ao longo destes cursos:
<https://view.genial.ly/5ea68fb209bb500dc5f43f74/interactive-content-harry-lingua>*

Agardo que vos guste!!!! :) Paréceme moi entretido! (Nun ordenador funcionaravos mellor , se tedes a posibilidade)

Lembrádesvos de que hai un tipo de acento especial que nos serve para diferenciar palabras que son iguais pero non significan o mesmo... ? Ademais cando pronunciamos, tamén o facemos diferente Ese acento chámase Acento diacrítico. Vexamos un pouquiño o que é e imolo poñer en práctica cun exercicio sinxelo.

á (a preposición + artigo)	a (artigo, preposición, pronome)
ás (a prep. + as, artigo)	as (artigo, pronome)
cá (ca + a, artigo)	ca (conxunción)
có (ca + o, artigo)	co (con, prep. + o, artigo)
cómpre (é mester)	compre (merque)
dá (pres. e imp. de dar)	da (de + a)
dás (pres. de dar)	das (de + as)
dó (compaixón)	do (de + o)
é (pres. de ser)	e (conxunción)
fóra (adverbio)	fora (plusc. de ser e de ir)
máis (adverbio)	mais (conxunción)
nó (substantivo)	no (en + o)
nós (pronome tónico; pl. nós)	nos (pron. átono; en + os)
ó (a + o)	o (artigo, pronome persoal)
ós (a + os)	os (artigo, pronome persoal)
óso (peza do esqueleto)	oso (animal)
póla (rama)	pola (galíña, por + a)
pór (poñer)	por (preposición)
prêsa (urxencia, apuro)	presa (puñado, embalse)
sé (sede eclesiástica)	se (conxunción, pronome)
só (adverbio, adxectivo)	so (debaixo de)
vén (pres. de vir)	ven (pres. de ver)
vés (pres. de vir)	ves (pres. de ver)
vós (pronome tónico)	vos (pronome átono)

1 Marca a forma correcta en cada caso. Despois, pronuncia cada palabra en voz alta.


☐ bola

☐ bóla

☐ oso

☐ óso

☐ te

☐ té

☐ pola

☐ póla

☐ nó

☐ no

2 Escolle a palabra axeitada para completar cada oración. Consulta o dicionario, se che cómpre.

pór / por

• Tedes que _____ o chuvasqueiro, porque chove.

présa / presa

• Sempre sae da casa tarde e con _____.

pé / pe

• O sinal de aparcadoiro ten escrito un _____ maiúsculo.

fóra / fora

• Non cabía todo na maleta e tiven que deixar _____ o calzado.

E para finalizar deixovos un RETO oral para aquel que poda, que me encantará que practiquedes e redactades ben antes de enviarmo. Xa vin as vosas xenialidades como reporteiros do tempo, pois agora imos ser PUBLICISTAS E ACTORES! Apetécевos?



EDUCACIÓN FÍSICA

Bos días chic@s! Como estades? Hoxe toca exercitar un pouco os músculos. Espero que esta semana fixérades algo de exercicio ao aire libre xa que fixo bastante bo tempo para andar pola natureza. Recordade que estar activos e facer exercicio todos os días fainos sentir mellor e máis felices.

Vamos a comezar:

<https://drive.google.com/file/d/15MF6fqNX8WzKv9PmBvinCmf7DMyC-pYW/view?usp=drivesdk>

Para finalizar, vamos a facer un pouco de relaxación. Este vídeo non só nos serve para agora senón que o podedes realizar cando vos despertades pola mañá, antes de ir durmir ou cando vos notedes nerviosos por algunha circunstancia.

<https://youtu.be/o9uaRmHiAwc>